

PERFÍS PROFESIONAIS DAS PERSOAS MENTORAS PROXECTO Ex/sPERTAS

Mariem Filgueira

Licenciada en Dirección e Administración de Empresas polo IESIDE atesora máis de 15 anos de experiencia en xestión empresarial e ten asesorado a máis de 2.000 persoas emprendedoras e empresarias. Defínese como "sherpa empresarial", xa que o seu traballo consiste en servir de guía a organizacións e persoas nos seus camiños empresariais.

Juan Morandeira Vázquez

Dentro da súa traxectoria profesional destaca o seu traballo como Director de Imaxe para Caramelo, Caramelo Jeans e Antonio Pernas. Dende fai uns anos está ligado ao mundo do emprendemento con dous proxectos nos que ocupa o posto de Xerente: Space-Indesign Interiorismo, unha empresa de arquitectura de interiores e imaxe corporativa, e La Postrería, un establecemento de hostalaría onde se fusionan o deseño de interiores, a gastronomía e a coctelería, ambos situados na cidade da Coruña. Compaxina a súa actividade empresarial coa docencia sobre diversos temas, especialmente os relacionados co escaparatismo e o "visual merchandising".

David López Pazos

Técnico Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas, posúe experiencia como Técnico Informático, en atención ao público e en establecementos comerciais de telecomunicacións. Fai tres anos decidiu iniciar o seu propio proxecto empresarial creando Concienciatec, unha empresa que ofrece formación en novas tecnoloxías e consultoría TIC a empresas.

Fátima Rodríguez Marcos

Licenciada en Psicoloxía, posúe experiencia de máis de 15 anos como docente na mellora de competencias profesionais (traballo en equipo, auto-control, habilidades de comunicación, tolerancia á frustración, etc.), e nas que se inclúen diversas formacións e asesorías individuais a persoas emprendedoras centradas na atención á clientela. Estas serían as persoas que se encargarían de levar o groso das mentorías individuais, pero segundo ás necesidades das participantes poderíanse incorporar ao equipo outras persoas que podan asesoralas en temas máis concretos.

Do 26 outubro
ao 30 de novembro

+18 anos / 20 prazas



<https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/inscricions-menu/inscricions-en-lina>

Inscricións en Liña ata
22 de outubro

Somos EXPERTAS

Proxectos encamiñados a mellorar
a formación e a orientación para o emprendemento
e a inserción laboral das mulleres.



CIM SOUTOMAIOR



Do 26 outubro
ao 30 novembro

No Multiúsos
ARCADE

1. XORNADA DE **PRESENTACIÓN DO PROGRAMA EXPERTAS.**
2. XORNADAS DE **AUTOCOIDADO A TRAVÉS DA FOTOGRAFÍA.**
3. **MENTORÍAS INDIVIDUAIS PARA O TEU NEGOCIO**
 1. **VIABILIDADE E DESENVOLVEMENTO DO NEGOCIO**
 2. **NOVAS TECNOLOXÍAS**
 3. **ESCAPARATISMO E VISUAL MERCHANDISING**
 4. **COMUNICACIÓN COA CLIENTELA**
 5. **A RELACIÓN ENTRE EU E O MEU NEGOCIO**
 6. **ASESORAMENTO A MULLERES**
4. XORNADA DE **CLAUSURA DO PROGRAMA.**

Somos **EXPERTAS**

PROGRAMA



1 XORNADA DE **PRESENTACIÓN** DO PROGRAMA EXPERTAS.

Lunes 26 de outubro 20:45 - 21:45 h

2 XORNADAS DE **AUTOCIDADO** A TRAVÉS DA FOTOGRAFÍA.

Venres 30 de outubro de 15 a 17 h

3 **MENTORÍAS** INDIVIDUAIS PARA O TEU NEGOCIO:

1. VIABILIDADE E DESENVOLVEMENTO DO NEGOCIO

Análise da rendibilidade do meu negocio. Explorar novas vías e canles de venda. Analizar a necesidade dun cambio de rumbo do meu negocio

2. NOVAS TECNOLOXÍAS

Incorporación de ferramentas tecnolóxicas segundo as miñas necesidades. Revisión e posibilidades de mellora da miña web/perfís sociais. Mellora de competencias dixitais para o manexo do ordenador, tablet ou smartphone no negocio.

3. ESCAPARATISMO E VISUAL MERCHANDISING

Como distribuír os produtos para incentivar as vendas. Montaxe de escaparates
Organización visual do espazo de venda.



4. COMUNICACIÓN COA CLIENTELA

Mellora de habilidades de atención presencial . Resolución efectiva de queixas e reclamacións. Comunicación coa clientela a través de internet, redes sociais, etc.

5. A RELACIÓN ENTRE EU E O MEU NEGOCIO

Como organizarme para mellorar a conciliación de vida persoal e laboral. Que me está limitando á hora de acadar os meus obxectivos persoais e profesionais
Como conseguir que a miña imaxe dea valor a miña marca profesional

6. ASESORAMENTO A MULLERES CON INTENCIÓN DE EMPRENDER

Estudo da viabilidade do proxecto
Definir ou traballar no plan de negocio
Determinar se estou preparada para emprender

4 XORNADA DE **CLAUSURA** DO PROGRAMA.

